



Concello de O Incio

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS PEÓNS, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, EN APLICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, AO ABEIRO DA ORDE DO 29 DE AGOSTO DE 2017, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) PARA O ANO 2017.

PRIMEIRA. Normas xerais.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria en aplicación da Orde do 29 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2017.

Ocupación	Nº postos	Servizo	Duración contratación
PEÓNS	2	XESTIÓN DE RESIDUOS E CONSERVACIÓN AMBIENTAL	9 MESES

A selección dos traballadores será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de concurso.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de O Incio e na súa páxina web (www.concellooincio.es).

SEGUNDA. Modalidade do contrato

A modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 15.1 da orde do 29 de agosto de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detállanse seguidamente:

Ocupación	Servizo	Xornada	Retribucións
PEÓNS	Ámbito: No termo municipal do Concello de O Incio. Detalle funcións:	Completa (100%)	1.287,12 € brutos/mes. Incluída a prorrata da paga extra.

Concello de O Incio



Concello de O Incio

	Limpeza e conservación das áreas de recreo, espazos públicos e xardíns. Retirar e poñer en valor os vertedoiros incontrolados. Reforzar o servizo de recollida de residuos sólidos.		
--	---	--	--

TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

a) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.

b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificado ou informe médico, acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación levará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

f) Os aspirantes deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estaren dispoñibles para o emprego.

g) Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

Requisitos específicos:

Concello de O Incio



Concello de O Incio

Ocupación:	Requisitos específicos
Peón	<ul style="list-style-type: none">- Certificado de escolaridade, estudos primarios, graduado escolar, graduado en ESO ou calquera outra titulación equivalente ou superior.- O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, - CELGA 1 -, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, <u>mediante proba que se lle realizará ao aspirante.</u>- Permiso de conducir B

Todos os requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante no momento da selección, e no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

Os traballadores e traballadoras que foran contratados, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2016 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo á axuda concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde do 29 de agosto de 2017.

CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14º da Orde do 29 de agosto de 2017, polo que o Concello de O Incio formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, para que se lle remitan un mínimo de 2 candidatos/as e un máximo de 10 por cada posto de traballo. O número de prazas a ofertar será de 2 peóns.

A oficina de emprego comunicará aos/ás candidatos/as que deberán presentarse no Concello de O Incio, o día 12 de decembro de 2017, ás 10.00 horas para realizar a selección orientada a cubrir a oferta de emprego formulada, indicándolles que deberán presentar ata o día 11 de decembro de 2017 no Rexistro Xeral do Concello de O Incio a documentación que acredite os méritos que alegue o/a aspirante, segundo o establecido na base sexta, mediante orixinais ou fotocopias compulsadas. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos relacionándose no anexo I, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade.

Concello de O Incio



Concello de O Incio

QUINTA. Tribunal cualificador

Constituirase un órgano de selección formado por un número impar de membros que se axustará ao establecido nos artigos 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 60 e 61 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. O Tribunal estará composto polos seguintes membros:

- Presidente/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Secretario/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Por cada membro do tribunal designarase un suplente cos mesmos requisitos e condicións.

Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Na designación dos seus membros garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de O Incio e na súa páxina web.

SEXTA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

Concello de O Incio



Concello de O Incio

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estímase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orde decrecente atendendo a puntuación obtida

Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido no artigo 14 da orde do 29 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, "*Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras*".

MÉRITOS

1. Circunstancias persoais: Colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, e se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional. Puntuación máxima 6 puntos.

Inclúense nestes colectivos:

- a) Mulleres (1 pto).
- b) Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero (1 pto).
- c) Menores de 30 anos (1 pto).
- d) Menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional (1 pto).
- e) Persoas paradas de longa duración (1 pto).

Xustificarse con informe/certificado da oficina do Servizo Público de Emprego, o de ser parado de longa duración.

- f) Persoas con discapacidade (1 pto).

Xustificarse co certificado do grao de discapacidade.

- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito (1 pto).
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos (1 pto).
- i) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia (1 pto).
- j) Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento, debendo acreditarse documentalmente (1 pto).

2.- Formación. Puntuación máxima: 2 puntos.

Concello de O Incio



Concello de O Incio

Por asistencia a cursos de formación específica impartidos ou validados por entidades públicas relacionados coas funcións do posto de traballo (valorarase unicamente o de maior categoría): máximo 2 puntos.

- Cursos de menos de 30 horas: 0,10 puntos por curso.
- Cursos de duración igual ou superior a 30 horas e menos de 100 horas: 0,15 puntos por curso.
- Cursos de duración igual ou superior ás 100 horas: 0,25 puntos por curso.
- Cursos de duración igual ou superior ás 300 horas: 0,50 puntos por curso.

3. Entrevista: Puntuación máxima: 2 puntos.

Unha vez feita a valoración, levarase a cabo a entrevista que versará sobor das funcións propias do posto e o seu desempeño dentro do Concello, así como do coñecemento da organización e realidade socioeconómica do concello de O Incio. Terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias.

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte

- 1) Puntuación pola orde dos méritos anteriores (Do 1 ao 3).
- 2) Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

SÉTIMA. Proposta de selección, presentación de documentos e nomeamento

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal levantará acta na que se farán constar as puntuacións obtidas por cada aspirante ordenadas de maior a menor puntuación, e que incluírá unha proposta de selección e unha lista de reserva co resto de aspirantes que non foron seleccionados/as. A citada acta publicaranse na páxina Web e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de O Incio.

No caso de renuncia expresa á contratación por parte dos/as candidatos/as seleccionados/as procederase á contratación do seguinte na relación dos non seleccionados de acordo coa orde establecida, nesta, tanto no caso de que a renuncia se produza antes como despois de formalizar por escrito a contratación.

Os aspirantes propostos a súa contratación presentarán no Rexistro Xeral do Concello de O Incio o ANEXO II e os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria xunto cunha copia da tarxeta sanitaria e número de conta bancaria (20 díxitos). O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a **presentación de certificado ou informe médico. A condición de desempregado acreditarase mediante a certificación do Servizo Público de Emprego.** Para acreditar a non contratación por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2016 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, **deberán aportarse copia cotexada dos contratos**

Concello de O Incio



Concello de O Incio

formalizados dende xaneiro de 2016 ata a actualidade.

Os candidatos/as que non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

OITAVA. Normativa de aplicación

En todo o non previsto nestas bases serán de aplicación as seguintes disposicións:

-Orde do 29 de agosto de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017 (DOG núm. 171, de 8 de setembro de 2017).

-Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.

-Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

-Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

-Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

NOVENA. Réxime de recursos

Contra o acordo de aprobacións das bases desta convocatoria, que é definitivo na vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía, no prazo dun mes contando dende a notificación do acordo, ou recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

O Incio, na data da sinatura

A ALCALDESA,

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 Lugo. Tfno. 982427014. Fax: 982427100



Concello de O Incio

ANEXO I (MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE) CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS PEÓNS, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, EN APLICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, AO ABEIRO DA ORDE DO 29 DE AGOSTO DE 2017, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) PARA O ANO 2017

D. _____, con DNI núm. _____, e domicilio para efectos de notificación en _____, teléfono nº _____,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

PRIMEIRO:

a) Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria:

1) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.

2) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

3) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificado ou informe médico, acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación conlevará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

4) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

5) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

6) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego.

Concello de O Incio



Concello de O Incio

7) Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

b) Que reúno os requisitos específicos desta convocatoria e solicito participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada cunha X:

- Copia cotexada da Titulación esixida (Certificado de escolaridade, estudos primarios, graduado escolar, graduado en ESO ou calquera outra titulación equivalente ou superior).
- Copia cotexada do título de galego.
- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia cotexada do carné de conducir B.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos, etc....)
- Outros:

SEGUNDO: Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen o proceso de selección de dous peóns.

TERCEIRO: Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas a selección de persoal laboral temporal, categoría 10 Peóns.

_____, _____ de _____ de 20____
O declarante,

Asdo.: _____

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o **CONCELLO DE O Incio**, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o **CONCELLO DE O INCIO con domicilio social en Praza de España N.º 1, 27346 - O Incio (Lugo)**, sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito ao **CONCELLO DE O INCIO**, calquera modificación que se produza nos datos aportados.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE O INCIO

Concello de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 Lugo. Tfno. 982427014. Fax: 982427100



Concello de O Incio

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A ASPIRANTE PROPOSTO/A PARA A CONTRATACIÓN

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS PEÓNS, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, EN APLICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, AO ABEIRO DA ORDE DO 29 DE AGOSTO DE 2017, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) PARA O ANO 2017

D. _____, con DNI núm. _____, e domicilio para efectos de notificación en _____, teléfono nº _____,

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos da formalización do correspondente contrato de traballo:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñan no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

Achego a seguinte documentación:

(MARCAR O QUE PROCEDA)

___ Informe médico.

___ Copia cotexada dos contratos de traballo formalizados dende xaneiro de 2016.

___ Acreditación de estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como desempleado.

___ Copia cotexada da tarxeta sanitaria.

___ Número de conta bancaria (20 díxitos).

O Incio _____ de _____ de 2017

Asdo.: _____

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o **CONCELLO DE O Incio**, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o **CONCELLO DE O INCIO con domicilio social en Praza de España N.º 1, 27346 - O Incio (Lugo)**, sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito ao **CONCELLO DE O INCIO**, calquera modificación que se produza nos datos aportados.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE O INCIO

Concello de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 Lugo. Tfno. 982427014. Fax: 982427100